

## Acta da Asamblea Xeral Extraordinaria

25 de marzo de 2026

**Lugar:** Medios telemáticos. Sala de zoom

**Hora:** 20:00 h sesión extraordinaria

Orde do día,

- 1.- Lectura e aprobación se procede da acta da Asemblea anterior.
- 2.- Modificación de Estatutos
- 3.- Rogos e preguntas

Asistentes:

Presidente-Javier Campos Peña

Secretaria Xeral- Mónica Flores Ferreiro

---

### ESTAMENTO DE CLUBS

AD Fogar da Xuventude- (Gustavo Alvarez Nogueira

AD Náutico de Narón

Cidade de Lugo Fluvial- Adrián Vázquez Fernández

Club Triatlón Ferrol –Juan Luis Pedrosa Lence (Delegación)

Club Triatlón Santiago- Paloma Herbelo Hermelo

Club Triatlón Rias Baixas, Enrique Hernández Moldes

Club Natación Cedeira- Xan Xosé Suárez Vilela

Club Olímpico de Vedra – Ismael García Vázquez

Club Natación Pabellón Ourense- José Manuel Fernández Méndez (Delegación)

### ESTAMENTO DEPORTISTAS

Patricio Farias Forneiro

Pablo Cabanelas Eiras

### ESTAMENTO TÉCNICOS

Javier Campos Peña\*

Ana Valín Rodríguez

### ESTAMENTO OFICIAIS/XUICES

Mónica Flores Ferreiro\*

Javier Ángel Vázquez Orejas

---

### **Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados**

Iniciase a sesión ás 20:05 h de xeito online, comprobado o quorum de 2/3 dos membros da Asemblea.

#### **1.-Lectura e aprobación da acta da Asemblea anterior**

Indícase que a acta xa foi enviada e polo tanto salvo que alguén desexe que se lea ou aclare algo procédese a votación.

Procédese á votación da acta

Votos a favor- 15

Votos en contra-0

Abstencións- 0



## 2.- Modificación de Estatutos

O presidente introduce e explica as modificacións planteadas no documento compartido coas persoas asembleístas marcando os cambios en vermello e verde segundo se elimine ou incorpore texto sobre o vixente. Indica que se celebrou previamente unha comisión delegada para valorar este punto e preparar o texto que se presenta hoxe, nunha comisión de traballo na que participaron varias persoas membras, tal e como marcan os nosos estatutos. Así mesmo, explica que a reforma de estatutos desagrega o Péntatlon Moderno e engade o Hyatlon, recollido pola Federación Española nos seus propios estatutos dende o pasado 18 de marzo como especialidade non asociada ao triatlón. Nos nosos estatutos engadiuse exactamente igual e sumouse a especialidade consolidada en Galicia de Nada e Corre dentro das especialidades asociadas. Por outra banda, engade que o resto de cambios que se realizaron son basicamente correccións ortográficas e adaptacións ao texto consolidado da *Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.*, coas últimas modificacións aplicadas pola *LEI 3/2025, do 15 de decembro.*

A continuación cede a palabra aos asembleístas para que expoñan calquera anotación que consideren sobre a revisión do texto.

Pablo Cabanelas Eiras pregunta en relación á situación de transición e seguinte proceso. O presidente indica que pola súa banda, se a Secretaría Xeral para o Deporte ratifica o cambio de estatutos a transición será tranquila facilitándolle ao Péntatlon todo o que precise. Pola súa parte falou co directivo, Cristóbal Fidalgo, referente no deporte e quen sumou este ano un club novo en Pontevedra esta tempada e leva a cabeza da organización do Europeo de Pontevedra. Considera que a modificación pode ser beneficiosa para o Péntatlon Moderno xa que quedarían como Delegación da Federación Española de Péntatlon moderno e poderían xestionar o seu propio deporte directamente. As licenzas están en vigor ata o remate da súa tempada.

Non habendo máis intervencións procédese á votación

Votos a favor- 15  
Votos en contra-0  
Abstencións- 0

Levántase a sesión ás 20:45 h. do 25 de marzo de 2026

  
Asdo.- A Secretaría Xeral  
Mónica Flores Ferreiro

VºBº  
**FEGATRIIB**  
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLON  
E PÉNTATLON MODERNO

Rúa Castelao 21, ent. 2  
27001 Lugo || 982 251 345

N.I.F.: V36703932

Asdo.- O presidente  
Javier Campos Peña